

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE ARTEIXO**

*ANUNCIO de aprobación inicial do proxecto de expropiación forzosa por falta de adhesión á Xunta de Compensación da unidade de actuación 47.*

O 21 de maio de 2026 ditouse a Resolución número 1327/2026, relativa ao asunto de aprobación inicial do proxecto de expropiación forzosa por falta de adhesión á Xunta de Compensación da unidade de actuación 47 de Arteixo, onde se resolve:

Primeiro. Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación forzosa por falta de adhesión á Xunta de Compensación da unidade de actuación 47.

Segundo. Someter ao trámite de información pública, por termo dun mes, o proxecto de expropiación forzosa por falta de adhesión á Xunta de Compensación da unidade de actuación 47, tramitado polo sistema de taxación conxunta, de conformidade co previsto no Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Terceiro. Notificarlle a presente resolución de forma individualizada á persoa titular das parcelas afectadas pola actuación, xunto coa folla de valoración e a proposta de fixación dos criterios de valoración, así como realizar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos diarios de maior difusión.

Cuarto. O presente acto é un acto de trámite fronte ao que, segundo o disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non cabe a interposición de ningún recurso.

Para os efectos do disposto no punto segundo da parte dispositiva do acordo, publícase o presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia* en un dos xornais de maior difusión na provincia.

Arteixo, 3 de xuño de 2026

O alcalde  
P.D. (Decreto 1243/2025, do 8 de maio)  
Luis Alberto Castro Calvete  
Concelleiro delegado de Urbanismo

